

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión EXTRAORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 3 de DECEMBRO de 2003**

ORDE DO DÍA dos asuntos que se van tratar na Sesión Plenaria Extraordinaria, que se celebrará o vindeiro mércores, día 3 de Decembro de 2003, ás DEZASETE HORAS.

ASUNTOS

Asuntos para coñecemento do Pleno:

- 1.- Toma de coñecemento da constitución dos grupos políticos, dos seus integrantes voceiros.
- 2.- Resolución de la Presidencia sobre nomeamento de membros da Comisión de Goberno.
- 3.- Resolución da Presidencia sobre nomeamento de Vicepresidente.
- 4.- Resolución da Presidencia sobre nomeamento de Presidentes das Comisións Informativas Permanentes.

Asuntos para acordo do Pleno:

- 5.- Proposta sobre réxime de sesións do Pleno e da Comisión de Goberno.
- 6.- Proposta sobre creación, atribucións, composición e réxime de sesións das Comisións Informativas Permanentes.
- 7.- Proposta sobre delegacións de competencia do Pleno na Comisión de Goberno.
- 8.- Proposta sobre nomeamento de representantes da Deputación en Organismos varios.
- 9.- Réxime de retribucións e indemnizacións ós membros da Corporación Provincial.
- 10.- Determinación do número, características e retribucións do personal eventual.

DON JOSÉ ANTONIO SANTISO MIRAMONTES	PP
DOÑA PILAR SOUTO IGLESIAS	PSOE
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER	PP
DOÑA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG
DON PABLO VILLAMAR DÍAZ	BNG

Non asisten os Sres. Campo Fernández e Rodríguez Rodríguez.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación e está presente o interventor xeral, don Jesús Loscos Puig.

Aberto o acto ás dezasete horas e dez minutos, o señor secretario procede á lectura da Resolución da Presidencia núm: 20.191, con data do 29 de novembro de 2003, pola que se convoca sesión extraordinaria, con indicación dos asuntos incluídos na orde do día, tocante aos cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- TOMA DE COÑECEMENTO DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS, OS SEUS INTEGRANTES E VOCEIROS.

Sr. presidente

Aquí hai un cambio. Figura como voceiro do grupo do BNG don Pablo Villamar Díaz, e comunícanos o grupo que a voceira definitiva é María Socorro Cea Vázquez.

A Corporación toma coñecemento do seguinte:

Visto que o número 3 do artigo 75 da lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGa) dispón que: “Da constitución dos grupos políticos e dos seus integrantes e voceiros o presidente daralle conta ó Pleno na primeira sesión que se desenvolverá tras cumprirse o prazo legalmente establecido”. Previsión semellante atópase no artigo 24 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 25 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF).

Cumpridos os requisitos establecidos no propio artigo 75 LALGa e no artigo 76 LALGa, así como no artigo 23 RODC, concordante co artigo 24 ROF

DOU CONTA Ó PLENO

de que quedan constituídos os grupos políticos cos integrantes e voceiros que a seguir se sinalan:

“Grupo Popular”, integrado polos quince deputados elixidos polo Partido Popular de Galicia

Voceiro: D. José Luis Torres Colomer
Voceiro suplente 1º: D. Eduardo Lamas Sánchez
Voceiro suplente 2º: D. Carlos López Crespo

“Grupo Provincial Socialista”, integrado polos once deputados elixidos polo Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE

Voceiro: D. Antonio Salvador Lagares Pérez
Voceiros suplentes: Os restantes membros do grupo.

“Grupo Bloque Nacionalista Galego”, integrado polos cinco deputados elixidos polo B.N.G.

Voceira: D^a. María Socorro Cea Vázquez
Voceira suplente: Dna. Margarida Vázquez Veras

2.- RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE NOMEAMENTO DE MEMBROS DA COMISIÓN DE GOBERNO.

A Corporación toma coñecemento da seguinte resolución da Presidencia:

Visto que o artigo 35 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL) determina que a Comisión de Goberno se integra polo presidente e un número de deputados non superior ó tercio do número legal destes, nomeados e separados libremente por aquel, dando conta ó Pleno. Esta mesma previsión atópase no número 4 do artigo 104 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración bcal de Galicia (LALGa) e nos números 1 e 2 do artigo 49 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 72 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF).

Engade o número 4 do artigo 49 RODC que os nomeamentos e cesamentos serán adoptados coas formalidades prescritas no artigo 43 RODC, é dicir, mediante resolución da que se dará conta ó Pleno na primeira sesión que celebre e que será notificada persoalmente ós designados e publicada no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte ó da sinatura da resolución polo presidente, se nesta non se dispón outra cousa.

En consecuencia,

RESOLVO:

A Comisión de Goberno da Deputación Provincial da Coruña comporase do presidente da Deputación e dos oito deputados seguintes:

Don Xaime Bello Costa
Don José Luis Armada Castro
Don Francisco Antonio Candela Castrillo
Don José García Liñares
Don Manuel Noceda Lamela
Don José Federico Nogueira Fernández
Dona Margarida Vázquez Veras
Don Pablo Villamar Díaz

A presente resolución será notificada de inmediato ós designados e publicada no Boletín Oficial da Provincia. Desta darase conta ó Pleno na primeira sesión que celebre.

3.- RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE NOMEAMENTO DE VICEPRESIDENTE.

A Corporación toma coñecemento da seguinte resolución da Presidencia:

“Vistos os artigos 34, número 3, e 35, número 4, da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL), así como o artigo 104, número 2, da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGa) e os artigos 43, 44 e 45 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordantes cos artigos 66, 67 e 68 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF).

Tendo en conta a urxente necesidade de prever canto antes a substitución do presidente da Deputación nos casos legalmente determinados, mesmo antes de dispor definitivamente sobre a organización da Deputación e sinaladamente sobre a composición da Comisión de Goberno,

En consecuencia,

RESOLVO:

Nomear membro da Comisión de Goberno e vicepresidente primeiro e único da Deputación Provincial da Coruña ó deputado don **Xaime BELLO COSTA**.

En ulterior Resolución determinarase a composición definitiva da Comisión de Goberno para os efectos do disposto no número 1 do artigo 35 LBLR sobre a constitución dese órgano.

Esta Resolución será efectiva desde o día 26 de novembro de 2003.

A presente resolución será notificada de inmediato ó designado e publicada no Boletín Oficial da Provincia. Desta darase conta ó Pleno na primeira sesión que celebre”.

4.- RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE NOMEAMENTO DE PRESIDENTES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.

Sr. presidente

Do mesmo xeito que no punto núm. 1, advertir que o presidente da Comisión de Promoción Económica, Emprego e Turismo é Pablo Villamar en lugar de María Socorro Cea Vázquez.

A Corporación toma coñecemento das resolucións da Presidencia nºs: 20.189 e 20.685, polas que se resolve o seguinte:

“Primeiro – Delegar e nomear presidentes das Comisións Informativas permanentes ós seguintes deputados:

- 1 - Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas: Don Antonio Lagares Pérez
- 2 - Comisión de Benestar Social, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística: Dona Margarida Vázquez Veras
- 3 - Comisión de Promoción Económica, Emprego e Turismo: Don Pablo Villamar Díaz
- 4 - Comisión de Cooperación e Asistencia ós Concellos: Don Xaime Bello Costa
- 5 - Comisión de Persoal e Réxime Interior: Don Germán Diz Arén
- 6 - Comisión de Plans Especiais, Contratación e Equipamentos: Don José Federico Nogueira Fernández
- 7 - Comisión de Infraestructuras Viarias: Vías e Obras Provinciais: Don Francisco Antonio Candela Castrillo
- 8 - Comisión de Cultura, Educación e Patrimonio Histórico-Artístico: Don Celestino Poza Domínguez
- 9 - Comisión de Deporte, Xuventude e Medio Ambiente: Don Ramón Quintáns Vila

Segundo – Deixar sen efecto tódalas delegacións e representacións outorgadas pola Presidencia ata esta data.

A presente resolución será notificada de inmediato ós designados e publicada no Boletín Oficial da Provincia. Desta darase conta ó Pleno na primeira sesión que celebre.

ASUNTOS PARA ACORDO DO PLENO

5.- PROPOSTA SOBRE RÉXIME DE SESIÓNS DO PLENO E DA COMISIÓN DE GOBERNO.

INTERVENCIONES

Sr. López Crespo

Era para facer unha intervención xenérica sobre os seis puntos restantes do pleno, se así se permite. Previamente, se se me autoriza, confío en que si, quería dicir dúas cousas por ser o primeiro pleno. En primeiro lugar, o grupo do Partido Popular quere felicitar ao presidente, quere felicitar ao vicepresidente, quere felicitar a todos os membros que neste pacto forman o grupo de goberno da Deputación da Coruña.

No grupo popular facemos clara e publicamente manifestación da lexitimidade deste pacto, lexitimidade que vén dada no sentido social, no sentido político, e no sentido do propio xogo democrático. Sabemos que non é unha improvisación de dez minutos de tensión, que se pode producir en calquera espacio social; sabemos que ñan madurado o pacto, confiamos que iso dea bos resultados para esta deputación. Sabemos que este grupo de goberno xurdido deste pacto vai ter o que nós consideramos as tres características fundamentais para gobernar unha institución pública: vai ter sensibilidade para definir e enumerar as necesidades da nosa provincia; vai ter capacidade para deseñar as solucións a esas necesidades, e vai ter a habilidade necesaria para conseguir financiamento para levar a cabo esas accións políticas. Nese sentido estaremos nós atentos, ben sabemos que as necesidades son as que hai e aumentan día a día; os recursos son os que hai e van diminuindo. Aí estará tamén a nosa sensibilidade para apoiar a este grupo de goberno. Desde a cooperación e desde a solidariedade. A cooperación cando nola pidan, de forma desinteresada, desde a nosa capacidade, daremos esa cooperación; e a solidariedade no sentido máis amplo da palabra: renunciando a algo se é necesario. Sabemos que non sempre poden prevalecer as ideas e os programas dos grupos políticos. Estamos dispostos a facer un exercicio de renuncia, o que nós denominamos solidariedade política, para que o grupo de goberno leve adiante os seus plans. Sen renunciar, evidentemente, a un compoñente de conciencia “amorosa”, chamémolo así ao que outros denominan fiscalización, estaremos atentos por se algunha desviación non desexada se produce e trataremos de facer mención a

ela e pedir que se rectifique, chegando a acordos que non temos dúbida de que chegaremos a eles.

Teñen vostedes, sen ningunha dúbida, un plus a maiores, como tivemos nós cando gobernamos, ese plus a maiores é o extraordinario colectivo de funcionarios desta deputación, desde a persoa que nos recibe na porta ata o último grao desa xerarquía administrativa; confiamos nós neles, seguro que vostedes que xa os coñecen porque estiveron anteriormente aquí, e sabemos que iso é un plus importante para sacar adiante os proxectos que vostedes traían aquí.

Somos o grupo maioritario, pero a aritmética democrática é así de obstinada, ese ser grupo maioritario non nos dá ningunha atribución de goberno, pero hai quen nola pode dar: a racionalidade do grupo de goberno. Queremos que teñan en conta este aspecto cuantitativo do grupo popular. Estamos convencidos de que van contar con nós, e nese sentido facemos que pensen niso.

Nós queríamos, facendo alusión a unha declaración que facía o Sr. Xaime Bello hoxe na prensa, queremos participar desa corrente de afecto, queremos participar desa corrente de afecto corporativo, non sei se chegaremos ao fraternal ou ao paternal, ao corporativo, nós queremos incorporar nesta corrente de afecto. Queremos que esta Deputación da Coruña sexa un exemplo do que deben ser as institucións públicas nas actividades políticas, onde o espazo sexa da racionalidade e do entendemento, nese sentido estaremos sempre atentos, e será no espazo no que, *a priori*, nos queremos mover, haberá desviacións vehementes que haberá que vencer, pero procuraremos que non sexa así.

Querémoslle dicir ao BNG tamén, con todo o cariño, mais dunha forma institucional, hoxe, ou o día 26, o BNG pasou por primeira vez a gobernar unha deputación. Agardamos que ese histórico conflito, mellor dito conflito non, esa histórica formulación de que as deputacións eran innecesarias non lle supoña agora un conflito de existencia, por un lado algo que non queren, e por outro lado algo que teñen que facer, que é gobernar a deputación. Ese conflito de atracción-rexeitamento agardamos que non lles produza frustración, se llo chega a producir, estamos nós aquí tamén para colaborar e axudarlles a saír del, harmonizándolles as tensións internas.

Por último neste preámbulo, temos que dicir que confiamos no goberno, *a priori* concedémoslles o que dixemos: a sensibilidade, a capacidade e a habilidade. Conten con nós sempre nun clima de diálogo, e se conseguen que os concellos da provincia, os cidadáns da provincia, melloren o benestar, aquí estará a nosa felicitación ao final; se non o conseguen, que a obxectiva opinión dos veciños o diga. En todo caso, pedímoslles, e nós poñémolo, que na súa acción de goberno poñan o máximo ingrediente de galeguidade que poidan facer, nós queremos que sexa así, será mellor para a nosa Coruña e para a nosa Galicia.

Gracias por esta intervención que non estaba prevista.

E agora, falando dos puntos do pleno, imos intervir conxuntamente en todos. No punto 5: “proposta sobre réxime de sesións do Pleno e a Comisión de Goberno”, dicir que imos votar que si, pero si que hoxe chegamos dez minutos tarde, e a verdade é que non o fixemos adrede, foi un imperativo do argumento que poñemos aquí para pedir, se é posible, que nos poñan os plenos ás seis, as distancias son as que hai, e a verdade é que, de momento, aínda non se viu na práctica a mellora das estradas que este goberno se propón. Demandámoslles con seriedade que todos, ou case todos, temos actividades municipais, os concellos cerran ás tres, cento e pico de quilómetros leva algo percorrelas, témonos que ver antes do pleno, con toda a humildade pero con toda a firmeza, imos votar que si se se cambian, imos votar que si se non se cambian, pero pedímoslles que reflexionen sobre este punto 5.

No punto 6: “proposta sobre a creación, atribucións, composición e réxime de sesións das comisións informativas permanentes”, imos votar que si tamén. *A priori* parécenos ben, confiamos plenamente na capacidade e dedicación, e temos fe no éxito das persoas que as presiden xunto cos membros que as van integrar. En todo caso, é un asunto de organización, corresponde ao goberno nese sentido apoialo.

Non nos parece tan ben a limitación a catro nesta emenda que presentaron. Digo que non nos parece ben a limitación a catro porque podían ser unha, ou dúas, ou tres, pero non entendemos esa diferenza de valoración no material da comisión quinta á cuarta, á terceira, á segunda ou á primeira. En todo caso, pedimos que se aquilaten as convocatorias para que non se produza duplicidade, se manteña o da emenda de catro como límite máximo, propoñemos que se acompañe coa limitación de catro mínimo, é dicir, que catro máximo e catro mínimo, establecemos isto e queda para toda a lexislatura. En definitiva, a limitación vai afectar, case exclusivamente ao grupo da oposición, neste caso ao grupo do Partido Popular. E queremos dicir tamén que haberá que salvar dalgunha maneira, supoñemos que será legal, pero por se houber algunha ilegalidade neste punto sobre a limitación número-cuantitativa das comisións.

Estamos de acordo tamén con don Xaime Bello en que esperamos que as comisións constitúan unha vontade de traballo técnico e político.

No punto 7, sobre a “proposta de delegación de competencias do Pleno na Comisión de Goberno”, absolutamente de acordo, votamos que si, non vemos ningún inconveniente para outro tipo de voto.

No punto 8 “proposta sobre nomeamento de representantes da deputación en organismos varios”, igualmente imos votar que si, e aquí a verdade é que non nos queda outro remedio, como acostuma dicirse, votamos que si porque foi o que fixemos nós cando estabamos no goberno, é dicir, que o único que se fai é reproducir un modelo do que nós propuxéramos. Só lle dicimos unha cousa ao grupo de goberno: votariamos que si tamén se naqueles organismos onde é posible a pluralidade se producise, tamén votariamos que si a onde hai tres membros que un fora do PP, outro do PSOE, e outro do BNG, votariamos que si igual, pódennos pensar vostedes, e de acordo con intervencións en plenos de organización pasados tamén houbera máis coherencia entre o que hoxe propoñen e o que naquel momento propoñían. Pero votamos que si tamén.

Os puntos 9 e 10 poderíanse tratar xuntos, polo que vou dicir agora. Nós queriamos presentar aquí unha emenda ou unha petición, porque hai aspectos que afectan ó punto 9 e ó punto 10, nós fixemos unha petición respecto a aspectos das exclusivas e do persoal eventual; vostedes fixéronnos unha oferta, cuantitativamente mesmo é algo superior, isto de petición e oferta parece que soa a materialismo, é dicir, dentro das necesidades do noso grupo para realizar a función na deputación solicitabamos un trato nestes aspectos; vostedes déronnos algo cuantitativamente superior; nós só lle pedimos que no próximo pleno ordinario, se poden modificar e que nos dean a contía que nos asignan agora, pero permitiéndonos, dende o punto de vista da funcionalidade do noso grupo, adaptalo, dentro da normativa legal, evidentemente. Se iso é así, no punto 9, absteríamonos e no punto 10 votaríamos a favor.

Isto é, por agora, a nosa intervención. Gracias, compañeiros.

Sr. Lagares Pérez

Antes de comezar a responder ó voceiro do grupo popular quero someter a consideración dúas emendas que presenta o equipo de goberno, unha emenda de adición e unha emenda de modificación. A emenda de adición refírese ó apartado b) relativo a indemnizacións por preparación de asuntos e asistencia a sesións dos órganos colexiados da Deputación provincial, e que tanto esta como a que direi a continuación está en poder dos voceiros dos distintos grupos, engadirase: “ningún deputado poderá percibir máis de catro asistencias ó mes por reunións de comisións informativas”; e a segunda emenda, que é unha emenda de modificación, que é a representación da deputación en determinados organismos, no número 33, referido a Consellos Territoriais da propiedade inmobiliaria da Coruña, substituír a don José Federico Nogueira Fernández pola persoa que está no uso da palabra. O motivo é que existían con anterioridade dous Consellos Territoriais da propiedade inmobiliaria, un relativo á Coruña capital e outro á Coruña provincia, e que neste momento están unidos a tódolos efectos e uso. Polo tanto, antes de iniciar o debate solicito da

presidencia que se sometan a votación estas emendas, ou se non, pasaremos directamente ó debate, como vostede considere oportuno.

Sr. presidente

Pregunto se queren debate. O punto 5, a intervención do señor voceiro do Partido Popular aclarou que fixo unha intervención conxunta para os puntos 5, 6, 7, 8, 9 e 10. E vostede, o grupo socialista presenta dúas emendas, unha ó punto 8, onde se modifica a representación do Consello Territorial da propiedade inmobiliaria da Coruña, e unha emenda ó punto nº 9, onde di que ningún deputado poderá percibir máis de catro asistencias ó mes por reunións das comisións informativas. ¿Algún grupo quere debater estas dúas emendas ou sometémolas a votación?

Sr. López Crespo

Nós dicíamos que antes de someter a votación se estudiase a proposta que nosoutros facíamos.

Sr. presidente

Non, este é o pleno de organización e ímolo desenvolver tal como estaba previsto, se queren votar a favor agradecemoslles que voten a favor, e se non, que expresen a súa opinión, pero non podemos deixar temas pendentes cando non hai ningún motivo para deixar temas pendentes.

Sr. López Crespo

A opinión está expresada co noso voto afirmativo.....

Sr. presidente

Entón non hai debate. Imos votar. Eu antes quería agradecerlle ó Sr. López Crespo, voceiro do grupo popular, as palabras de felicitación que tivo para todos nós, a expresión dos bós sentimentos tamén expresados, e o desexo de que ese compoñente amoroso que él dicía se exprese o mínimo posible, e dicirlle que os sentimentos, obviamente, son recíprocos, coñecemos desde hai anos e nada ten que cambiar, todos temos unha preocupación, que é a provincia, e todos temos unha responsabilidade, que é a provincia, os seus cidadáns e a calidade de vida dos cidadáns, e estou seguro de que tanto uns coma outros imos expresar a nosa mellor vontade para que as cousas vaian ben e haxa unha calidade de vida maior, se é posible, na provincia.

Entón, entendemos, con relación ó punto nº 5, se me permite voulle dar a mesma resposta que nos deu o Sr. Torres ó voceiro do Bloque e ó voceiro socialista hai catro anos no pleno de organización similar a este, que dicía: “moitas gracias aos dous voceiros, en principio imos aprobar esta proposta, como xa tamén confirmaron vostedes o seu voto favorable, e imos estudar a posibilidade entre todos de adiantar unha hora, se é posible”. Entón, imos votar a proposta tal como está, e imos estudar entre todos a posibilidade de demorar unha hora, se é posible, ó mellor quizais no verán, as cinco da tarde é moi cedo, dicían algúns compañeiros do grupo socialista e do BNG. Pois ben, votamos como está e estudiamos a posibilidade de demorar unha hora máis.

Entendemos aprobado o punto nº 5 por unanimidade.

ACORDO

Apróbase a seguinte proposta da Presidencia:

“Visto que o artigo 46.2.a da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local (LBRL), conforme á redacción introducida pola Lei 11/1999, do 21 de abril, ordena que o Pleno das Deputacións provinciais celebre sesión ordinaria como mínimo cada mes e que, por outra banda, o artigo 35 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúe ó Pleno a decisión sobre o réxime de sesións do Pleno e da Comisión de Goberno, malia o disposto no artigo 84.3 RODC, concordante co artigo 112.3 ROF,

ACÓRDASE:

1º. RÉXIME DE SESIÓNS DO PLENO.- As sesións ordinarias do Pleno da Deputación provincial celebraranse con periodicidade mensual, o último venres de cada mes, ás dezasete horas. Se o día sinalado fose inhábil, a sesión ordinaria celebrárase o inmediatamente anterior hábil, ás dezasete horas.

2º. RÉXIME DE SESIÓNS DA COMISIÓN DE GOBERNO.- As sesións ordinarias da Comisión de Goberno celebraranse o segundo e o derradeiro venres de cada mes, ás trece horas. Se o día sinalado fose inhábil, a sesión ordinaria celebrárase o inmediatamente anterior hábil, ás trece horas.

Non obstante, o pleno ordinario correspondente ó mes de decembro de 2003 celebrárase o día 19 de decembro próximo ás dezasete horas.

6.- PROPOSTA SOBRE CREACIÓN, ATRIBUCIÓN, COMPOSICIÓN E RÉXIME DE SESIÓNS DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.

Apróbase a seguinte proposta da Presidencia:

“Visto o disposto nos artigos 103.1.b) e 212 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGa), o primeiro dos cales remite ós artigos 66 a 68 da mesma LALGa e, por outra banda, o establecido nos artigos 94 a 103 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC),

ACÓRDASE:

PRIMEIRO.- As Comisións Informativas Permanentes da Deputación Provincial da Coruña serán nove, coa denominación e atribucións que a seguir se sinalan:

1 - Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas .-

A súa competencia refírese fundamentalmente ás seguintes materias: orzamento e expedientes de modificación de créditos, contas, ingresos (propios e doutros entes públicos), gastos de competencia do pleno, operacións de crédito, inventarios, balances, ordenanzas fiscais, patrimonio provincial, e calquera outro asunto de natureza económico-financeira.

2 - Comisión de Benestar Social, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística .-

Estudiará as cuestións relacionadas con planos, convenios e actuacións en garantía de prestación de servizos sociais de competencia municipal e de equilibrio intermunicipal. As relacionadas co apoio económico, técnico e xurídico ós concellos para a implantación e funcionamento dos devanditos servizos. A creación e xestión de servizos sociais de atención especializada supramunicipais ou supracomarcais; xestión dos centros provinciais de atención ós novos e á infancia; financiamento de programas de servizos sociais das entidades de iniciativa social; promoción da solidariedade entre institución e cidadáns e destes entre si con especial acento nas políticas de igualdade de xénero.

Elaboración dos planos de normalización lingüística de acordo coa lexislación en vigor

3 - Comisión de Promoción Económica, Emprego e Turismo -

As súas atribucións serán as de fomento e promoción de temas relacionados co sector primario, modernización e instalacións comerciais e similares, protección ó sector pesqueiro, acuicultura e cultivos mariños, riqueza forestal, fomento agropecuario, agrícola, etc.

Potencia-lo turismo de xeito coordinado con tódolos concellos da provincia con apoio ás campañas de difusión das distintas riquezas: cultural, patrimonio, gastronomía, etc.

4 - Comisión de Cooperación e Asistencia ós Concellos .-

Abarca o estudo dos expedientes referidos a: cooperación ás obras e servizos municipais, asistencia e cooperación xurídica a municipios, asistencia e cooperación económica e técnica a municipios, defensa xurídica, servizos públicos de carácter supramunicipal e, se é o caso, supracomarcal.

5 - Comisión de Persoal e Réxime Interior -

A súa competencia refírese ó estudo de tódolos asuntos relacionados coa función pública, funcionarios, persoal laboral, persoal eventual, relacións sindicais, seguridade e hixiene, protocolo e relacións públicas

6 - Comisión de Plans Especiais, Contratación e Equipamentos -

A súa competencia refírese a expedientes de: contratación de obras e servizos, subministracións, plans especiais e os que se poidan elaborar no futuro, así como tódolos proxectos relacionados con ditas obras e plans e ordenación do territorio.

7 - Comisión de Infraestruturas Viarias: Vías e Obras Provinciais -

A súa competencia circunscríbese a asuntos relacionados coas estradas e camiños provinciais, autorizacións, licencias de obras e tódolos proxectos relacionados con eles, ademais dos expedientes de expropiacións forzosas e urbanismo.

8 - Comisión de Cultura, Educación e Patrimonio Histórico-Artístico -

As súas atribucións serán as de dictame, estudo, informe ou consulta sobre as materias relativas a: educación, bolsas de estudo, arquivos, bibliotecas, museos, exposicións e concursos, fomento das artes escénicas e musicais, programas de actividades culturais dirixidos ós concellos e en colaboración con outras entidades e organismos, subvencións culturais, monumentos e lugares artísticos, etc.

9 - Comisión de Deporte, Xuventude e Medio Ambiente -

As súas competencias serán as de dictame, estudio, informe ou consulta sobre as materias relacionadas cos temas de Medio Ambiente, programas de actividades deportivas dirixidas ós concellos ou en colaboración con outras entidades, organismos, asociacións...

Subvencións en materia deportiva e promoción da participación dos novos na vida política, socioeconómica e cultural.

SEGUNDO.- Cada comisión estará integrada por once membros, dos cales cinco pertencerán ó Grupo Popular, catro ó Grupo Provincial Socialista e dous ó Grupo Bloque Nacionalista Galego. O presidente de cada comisión será designado por resolución do presidente da Deputación.

TERCEIRO.- Estas comisións xuntaranse con periodicidade mensual nos días e horas nos que as propias comisións determinen.

7.- PROPOSTA SOBRE DELEGACIÓNS DE COMPETENCIA DO PLENO NA COMISIÓN DE GOBERNO.

Apróbase a seguinte proposta da Presidencia:

Visto que o artigo 48 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 71 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), prevé que o Pleno poida delegar, en todo ou en parte, calquera das súas atribucións no presidente e na Comisión de Goberno, agás as sinaladas na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL) e no Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril (TRRL); vistos asemade os artigos 33.4 LBRL, 28.2 TRRL e 107.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGa),

ACÓRDASE:

Delegar na Comisión de Goberno as seguintes atribucións:

- O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia plenaria (LBRL, art. 33.2.i).
- A declaración de lesividade dos actos da Deputación (LBRL, art. 33.2.j).

- A concertación das operacións de tesourería, cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 % dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior, todo isto de conformidade co disposto na Lei reguladora das facendas locais (LBRL, art. 33.2.k).
- As contratacións e concesións de todo tipo, cando o seu importe supere o 10 % dos recursos ordinarios do orzamento e, en todo caso, os 6.010.121,04 euros (1.000.000.000 de antigas pesetas), así como os contratos e concesións plurianuais cando a súa duración sexa superior a catro anos en todo caso, e os plurianuais de duración inferior cando o importe acumulado de tódalas súas anualidades supere a porcentaxe indicada, referida ós recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio e, en todo caso, cando sexa superior á contía sinalada neste apartado. (LBRL, art. 33.2.l).
- A aprobación dos proxectos de obra e de servizos cando sexa o Pleno competente para a súa contratación ou concesión e cando aínda non estean previstos nos orzamentos. (LBRL, art. 33.2.m).
- A adquisición de bens e dereitos cando o seu valor supere o 10 % dos recursos ordinarios do orzamento e, en todo caso, cando sexa superior a 500.000.000 de pesetas, así como os alleamentos patrimoniais nos seguintes supostos:
 - * Cuando se trate de bens inmoables ou de bens móbiles, que estean declarados de valor histórico ou artístico e non estean previstas no orzamento.
 - * Cando estando previstas no orzamento, superen a porcentaxe e a contía que se indica para as adquisicións de bens. (LBRL, art. 33.2.n).
- A autorización ou denegación de compatibilidade do persoal ó servizo da entidade local para un segundo posto ou actividade no sector público, así como a resolución motivada que recoñeza a compatibilidade ou declare a incompatibilidade do citado persoal para o exercicio de actividades profesionais, laborais, mercantís ou industriais fóra da entidade local, ó que se refiren os artigos 9 e 14 da Lei 53-1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións públicas (ROF, art. 70.9).

As competencias delegadas na Comisión de Goberno estarán suxeitas ó control e fiscalización do Pleno, tanto a través dos mecanismos ordinarios previstos na normativa local como dos extraordinarios, singularmente dos previstos no artigo 80 RODC, concordante co artigo 106 do ROF.

8.- PROPOSTA SOBRE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA DEPUTACIÓN EN ORGANISMOS VARIOS.

Sr. presidente

Hai que votar a emenda de substitución do Sr. Nogueira Fernández polo Sr. Lagares Pérez.

Apróbase por unanimidade.

ACORDO

Apróbase a seguinte proposta da Presidencia:

Visto que o artigo 35 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúe ó Pleno a competencia para o nomeamento de representantes da Corporación en toda clase de órganos colexiados nos que deba estar representada,

ACÓRDASE:

Nomear representantes da Corporación ós deputados que se indican nos organismos que a seguir se relacionan:

1.- AFIGAL (SOCIEDADE DE GARANTÍA RECÍPROCA - AFIANZAMENTO DE GALICIA)

Sr. D. Antonio Salvador Lagares Pérez.

2.- ASOCIACIÓN NERIA

Sra. D^a María Socorro Cea Vázquez.

3.- BIBLIOTECA DO REAL CONSULADO

Sr. D. Celestino Poza Domínguez.

4.- BIC GALICIA - CENTRO EUROPEO DE EMPRESAS E INNOVACIÓN DE GALICIA, S.A.

Sr. D. Francisco Antonio Candela Castrillo.

5.- CAIXANOVA

Sr. D. Antonio Salvador Lagares Pérez.

6.- CENTRO DE ESTUDIOS LOCAIS - Convenio con Inap (A.P.31/05/02)

Sr. D. Germán Diz Arén.

Sr. D. Xaime Bello Costa.

7.- CENTRO DE ESTUDIOS LOCAIS DE GALICIA - Convenio coa Egap, Xunta de Galicia, Deputacións provinciais galegas e Colexio Oficial de funcionarios de H.N. (A.P.31/05/02)

Sr. D. Germán Diz Arén.

Sr. D. Xaime Bello Costa.

8.- CENTRO TERRITORIAL DE BIBLIOTECAS.

Sr. D. Celestino Poza Domínguez

9.- COMISIÓN DE COORDINACIÓN INTERADMINISTRACIÓN PÚBLICAS EN MATERIA DE DROGODEPENDENCIAS.

Sra. D^a Margarida Vázquez Veras

10.- COMISIÓN DE PLANIFICACIÓN E COORDINACIÓN DE INVESTIMENTOS INEM-CORPORACIÓN LOCAIS

Sra. D^a María Socorro Cea Vázquez

11.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DAS AUTOESTRADAS DE GALICIA.

Sr. D. Francisco Antonio Candela Castrillo

12.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO E COMISIÓN EXECUTIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN XUNTA DE GALICIA, MINISTERIO DE INDUSTRIA E ENERXÍA, DEPUTACIÓN E CONCELLO DE FERROL, PARA A REINDUSTRIALIZACIÓN DE FERROL E ÁREA DE INFLUENCIA.

Sr. D. Xaime Bello Costa

13.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DO PLAN DE DESENVOLVEMENTO ALTERNATIVO DAS COMARCAS MINEIRAS.

Sr. D. Pablo Villamar Díaz

14.- COMISIÓN GALEGA DE COOPERACIÓN

Sr. D. Salvador Fernández Moreda.

15.- COMISIÓN GALEGA DE DELIMITACIÓN TERRITORIAL

Sr. D. Francisco Antonio Candela Castrillo.

16. COMISIÓN GALEGA DE PROTECCIÓN CIVIL E COMISIÓN DE SEGUIMIENTO PARA SITUACIÓN DE SECA

Sr. D. José Luis Armada Castro.

17.- COMISIÓN GALEGA INTERINSTITUCIONAL DO MENOR

Sra. D^a Margarida Vázquez Veras.

18.- COMISIÓN MIXTA CONVENIO XUNTA-DEPUTACIÓN INSTALACIÓN DEPORTIVAS. (Dous representantes).

Sr. D. José Federico Nogueira Fernández

Sr. D. Pablo Villamar Díaz

19.- COMISIÓN PROVINCIAL DE COLABORACIÓN DO ESTADO COAS CORPORACIÓN LOCAIS

Sr. D. Salvador Fernández Moreda.

20.- COMISIÓN PROVINCIAL DE VIVENDA

Sr. D. Manuel Noceda Lamela.

21.-COMISIÓN SUPERIOR DE URBANISMO

Sr. D. Salvador Fernández Moreda.

22.- COMISIÓN TERRITORIAL DO PATRIMONIO HISTÓRICO ARTÍSTICO-GALEGO

Sr. D. Antonio Salvador Lagares Pérez.

23.- COMISIÓN TERRITORIAL DO PATRIMONIO HISTÓRICO DA CIDADE E CAMIÑO DE SANTIAGO

Sr. D. Francisco Antonio Candela Castrillo.

24.- COMITÉ GALEGO DE DEFENSA DOS MONTES CONTRA INCENDIOS FORESTAIS.

Sr. D. Ramón Quintáns Vila

25.- COMITÉ PROVINCIAL DE CAZA.

Sr. D. Ramón Quintáns Vila

26.- COMITÉ PROVINCIAL DE INTEGRACIÓN E COORDINACIÓN AMBIENTAL

Sr. D. Ramón Quintáns Vila.

27.- CONSELLO ASESOR DE TELECOMUNICACIÓNS E AUDIVISUAIS DE GALICIA

Sr. D. Francisco Antonio Candela Castrillo.

Sra. D^a Margarida Vázquez Veras.

28.-CONSELLOS COMARCAIS E PADROADOS DE GOBERNO DAS FUNDACIÓNS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS COMARCAS DE:

ARZÚA.- Sr. D. Germán Diz Arén.

BERGANTIÑOS.- Sr. D. Manuel Noceda Lamela

MELIDE.- Sra. D^a María Socorro Cea Vázquez

MUROS.- Sra. D^a Raquel Jabares Fernández

NOIA.- Sr. D. Ramón Quintáns Vila.

ORDES.- Sr. D. Germán Diz Arén.

ORTEGAL.- Sr. D. Pablo Villamar Díaz

BETANZOS.- Sra. D^a Raquel Jabares Fernández

SANTIAGO.- Sr. D. Francisco Antonio Candela Castrillo.

SONEIRA.- Sr. D. Manuel Noceda Lamela.

EUME.- Sr. D. José Luis Armada Castro.

29.- CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DE XESTUR, S.A (Dous representantes)

Sr. D. José Luis Armada Castro

Sra. María Socorro Cea Vázquez

30.- CONSELLO GALEGO DE EDUCACIÓN E PROMOCIÓN DE ADULTOS

(Un representante polas catro Deputacións provinciais galegas).

Sr. D. Celestino Poza Domínguez

31- CONSELLO GALEGO DE TRANSPORTES

Sra. D^a Raquel Jabares Fernández.

32.- CONSELLO GALEGO DE TURISMO

Sra. D^a María Socorro Cea Vázquez.

33.- CONSELLOS TERRITORIAIS DA PROPIEDADE INMOBILIARIA DA CORUÑA

Sr. D. Antonio Salvador Lagares Pérez.

34.- CONSELLO PROVINCIAL DE SERVICIOS SOCIAIS

Sra. D^a Margarida Vázquez Veras

35.- CONSORCIO AUDIOVISUAL DE GALICIA (Decreto 294/2002, de 17 de outubro)

Dous representantes no Consello de Dirección

Sr. D. Francisco Antonio Candela Castrillo.

Sra. D^a Margarida Vázquez Veras.

36.- CONSORCIO DO DEPÓSITO FRANCO DO PORTO DA CORUÑA (Tres representantes)

Sr. D. José García Liñares.

Sra. D^a María del Pilar Souto Iglesias.

Sra. D^a Raquel Jabares Fernández.

37.- CONSORCIO PROVINCIAL DA CORUÑA PARA A PRESTACIÓN DO SERVICIO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO (A.P.26/07/02)

Sr. D. Salvador Fernández Moreda.

Sr. D. Xaime Bello Costa.

Sr. D. José Federico Nogueira Fernández.

38.- CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA (Comité Provincial)

Sra. D^a Raquel Jabares Fernández.

39.- ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA. (Un representante polas catro Deputacións provinciais galegas no Consello Rector).

Sra. D^a Raquel Jabares Fernández

**40.- ESCOLA UNIVERSITARIA DE GRADUADOS SOCIAIS E RELACIÓNS
LABORAIS DA CORUÑA (Padroado)**

Sr. D. José Federico Nogueira Fernández.

41.- FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS

Sr. D. Salvador Fernández Moreda.

42.- FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS

Sr. D. Salvador Fernández Moreda.

43.- FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE

Sra. D^a Margarida Vázquez Veras.

44.- FUNDACIÓN ARAO

Sr. D. Salvador Fernández Moreda

Sr. D. Xaime Bello Costa.

45.- FUNDACIÓN CAMILO JOSÉ CELA

Sr. D. Salvador Fernández Moreda.

46.- FUNDACIÓN FEDERICO MACIÑEIRA

Sr. D. José Luis Armada Castro.

47.- FUNDACIÓN GALICIA - EUROPA

Sr. D. Xaime Bello Costa.

48.- FUNDACIÓN PRIVADA DEMOCRACIA Y GOBIERNO LOCAL

Sr. D. Francisco Antonio Candela Castrillo.

49.- FUNDACIÓN TORRENTE BALLESTER

Sr. D. Salvador Fernández Moreda.

50.- FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Sr. D. José Federico Nogueira Fernández.

51.- FUNDACIÓN WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ

Sr. D. Celestino Poza Domínguez.

52.- INSTITUTO FEIRAL DA CORUÑA (IFECO) (Dous representantes)

Sr. D. Salvador Fernández Moreda.

Sra. D^a Margarida Vázquez Veras.

53.- MUSEO ARQUEOLÓXICO DO CASTELO DE SAN ANTÓN (Padroado)

Sr. D. José Federico Nogueira Fernández.

54.- MUSEO DO POBO GALEGO (Xunta Rectora)

Sr. D. Francisco Antonio Candela Castrillo.

55.- PARQUE NATURAL DAS FRAGAS DO EUME (Xunta Rectora)

Sr. D. Pablo Villamar Díaz.

56.- PARQUE NATURAL DAS ILLAS ATLÁNTICAS (Padroado e Xunta Consultiva)

Sra. D^a María del Pilar Souto Iglesias.

57.- UNED (Padroado do Centro da Coruña)

Sr. D. Celestino Poza Domínguez.

9.- RÉXIME DE RETRIBUCIÓNS E INDEMNIZACIÓNS ÓS MEMBROS DA CORPORACIÓN PROVINCIAL.

Sr. presidente

Vótase a emenda do voceiro do Bloque Nacionalista Galego de que ningún deputado poderá percibir máis de catro asistencias ó mes por reunións das comisións informativas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados (11- PSOE e 5 -BNG)

Votan en contra: Ningún

Abstéñense: 15 deputados (PP)

A seguir, procédese á votación da proposta:

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados (11- PSOE e 5 -BNG)

Votan en contra: ningún

Abstéñense: 15 deputados (PP)

ACORDO

Apróbase a seguinte proposta da Presidencia:

“Visto o disposto no artigo 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL), no artigo 225 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGa), nos artigos 12 e 13 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), e no artigo 13 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF),

ACÓRDASE:

“A).- Retribucións dos membros da Corporación en réxime de dedicación exclusiva:

Presidente: As retribucións, en cómputo anual e contía, serán idénticas ás fixadas ou ás que se fixen no futuro para os conselleiros nos Orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia.

Vicepresidente (1): As súas retribucións anuais serán iguais ás sinaladas para o secretario xeral da Corporación.

Presidentes de Comisións Informativas (9): As súas retribucións anuais serán iguais ás sinaladas para o tesoureiro da Corporación.

Deputados grupos (3): As súas retribucións anuais serán iguais ás sinaladas para o posto de traballo de interventor adxunto.

Voceiros (3): As súas retribucións anuais serán as equivalentes ás fixadas para un xefe de sección, Grupo A, Nivel 24, con especial dedicación.

As cantidades dos membros da Corporación con dedicación exclusiva percibiranse mensualmente na parte que corresponda.

A asignación concreta das dedicacións exclusivas queda condicionada á existencia de crédito na correspondente aplicación orzamentaria.

B).-Indemnizacións por preparación de asuntos e asistencia a sesións dos órganos colexiados da Deputación provincial:

Pola preparación de asuntos e concorrencia efectiva ás sesións de órganos de goberno da Deputación provincial, os membros da Corporación que non estean acollidos ó réxime de dedicación exclusiva ou parcial, percibirán en concepto de asistencias os seguintes importes:

- Sesións plenarias: 563,65 €
- Sesións da Comisión de Goberno. 352,26 €
- Reunións das Comisións Informativas: 352,26 €

Cando coincida no mesmo día máis dunha sesión dos órganos colexiados descritos, terán dereito a percibir unha soa asistencia, tomando en consideración para tal fin, cando así proceda, a de maior importe das realizadas. Estas cantidades revisaranse anualmente a partir do 01/01/2004, aumentando na mesma porcentaxe na que aumenten de forma xeral as retribucións dos funcionarios.

A asistencia ás sesións formalmente convocadas dos órganos colexiados antes citados dará lugar á percepción dos gastos de locomoción desde a localidade de residencia dos deputados.

Ningún deputado poderá percibir máis de catro asistencias ó mes por reunións das Comisións Informativas.

C).- Asistencia a órganos rectores, mesa de contratación, comisións de traballo ou tribunais de avaliación dependentes desta Corporación:

Tódolos membros dos órganos rectores dependentes desta Corporación provincial e os que designe formalmente para formar parte de comisións de traballo, mesa de contratación ou tribunais de avaliación, percibirán pola asistencia ás sesións que celebren fóra da xornada laboral as cantidades dispostas no anexo IV, categoría primeira do Real decreto 462/2002, do 24 de maio, e disposicións de desenvolvemento ou normas que con carácter xeral o substitúan.

Estas percepcións serán compatibles coas retribucións asignadas ós membros da Corporación co réxime de dedicación exclusiva.

D).- Indemnizacións por gastos ocasionados por comisións de servizos encomendadas a cargos electos:

En materia de indemnizacións por comisións de servizos rexerá o Real decreto 462/2000, do 24 de maio, e disposicións de desenvolvemento ou normas que con carácter xeral o substitúan coas particularidades seguintes:

a). Por aloxamento e gastos de viaxe, en medios de transporte público, aboarase o importe do realmente gastado e xustificado documentalmente.

b). Por manutención aboarase así mesmo o importe dos gastos efectivamente realizados sempre que se xustifiquen adecuadamente mediante facturas expedidas para o efecto. En caso contrario, indemnizarase na contía sinalada para o grupo 1 dos anexos II e III do devandito Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razóns de servicio, ou as normas que modifiquen a contía e o réxime destas.

Cando a comisión de servicios de cargos electos inclúa tamén a funcionarios de carreira, persoal laboral ou eventuais, aplicaráselles a todos eles o réxime de indemnizacións establecido neste apartado para os cargos electos.

10.- DETERMINACIÓN DO NÚMERO, CARACTERÍSTICAS E RETRIBUCIÓN DO PERSONAL EVENTUAL.

Sr. presidente

Con relación a este punto, si aceptamos o que presenta vostede xa o falamos, e comprometémonos a que no vindeiro pleno, agardo que sexa posible, adaptar isto de tal xeito que, sen mover a masa salarial, vostedes redistribúan a cuestión en función dos intereses do seu grupo. Enténdese aprobada por unanimidade esta petición do grupo popular.

ACORDO

Apróbase a seguinte proposta da Presidencia:

“Visto o disposto no artigo 104 da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL) e no artigo 250 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGa),

ACÓRDASE:

1º.-O número, características e retribucións do persoal eventual da Deputación Provincial da Coruña será o seguinte:

Nº	CARACTERÍSTICAS	NIVEL	RETRIBUCIONS ANUAIS DE CADA
----	-----------------	-------	-----------------------------

		COMP. DESTINO	POSTO DE TRABALLO
2	ASESORES	NIVEL 28	56.066,02 €
3	TÉCNICOS	NIVEL 26	44.129,76 €
5	TÉCNICOS	NIVEL 24	39.921,46 €
4	TÉCNICOS	NIVEL 21	30.989,00 €
6	ADMINISTRATIVO CON EXCLUSIVA	NIVEL 19	24.664,60 €
5	AUXILIARES ADMÓN. CON EXCLUSIVA	NIVEL 16	20.680,06 €
6	AUXILIARES ADMÓN. SEN EXCLUSIVA	NIVEL 16	16.081,30 €
31	TOTAL		915.960,32

2º.-As retribucións expresadas incrementaranse anualmente nos mesmos termos que se determinen para os postos de traballo de persoal funcionario consonte coas previsións xenéricas que se establezan nos orzamentos xerais do Estado.

A continuación pide a palabra o Sr. vicepresidente.

Sr. Bello Costa

Agradézolle que me conceda a palabra para que, brevemente, me dirixa ó grupo do Partido Popular para lle agradecer en nome do Bloque Nacionalista Galego, creo que tamén en nome do goberno, as amables palabras que tivo.

Eu teño que dicir que cando interveu o Sr. López Crespo, a primeira intervención, a medida que ía comentando, Sr. López Crespo, agradézollo moitísimo porque veño dun concello onde durante catro anos tiven que aguantar verdadeiros pullazos, e non sabe o que reconforta chegar a unha administración onde vemos o nivel de responsabilidade e as vontades de traballar conxuntamente. Cando se falaba de afecto, indubidablemente, todos temos esa sensación de que esta administración provincial pode ser un lugar de encontro e de traballo común, coas nosas discrepancias lóxicas e evidenciadas, e teña por seguro que o Bloque Nacionalista Galego sabe que gobernar esta administración supón, como fixo no seu momento nos concellos, cando chegou por primeira vez ó Congreso dos Deputados, ó Parlamento Europeo, un nivel de responsabilidade e que sabe que en ningún momento abandonará esa responsabilidade.

Polo tanto, estamos aquí para afortalar un goberno compartido co Partido Socialista, pero tamén tendendo a man aberta ó grupo do Partido Popular para que se incorporen en todos os proxectos que sexan beneficiosos desde un punto de vista social.

Gracias por esas palabras moi amables, e non dubide nunca do traballo a prol do progreso, a favor da mellora das condicións dos cidadáns desta provincia que vai facer o Bloque Nacionalista Galego a través, non só das súas áreas de xestión, senón a través de todo o goberno provincial. Moitas gracias, Sr. Crespo, e moitas gracias ó presidente por deixarme intervir.

Sen máis asuntos dos que tratar remata a sesión, sendo as dezasete horas e corenta minutos, redactándose a presente acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, secretario, dou fe.